



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/enxenaria-arquitectura/gao-enxenaria-forestal-natural



Grao en Enxeñaría Forestal e do Medio Natural



www.usc.gal



Enxeñaría Forestal e do Medio Natural

Este Grao habilita para exercer a profesión regulada de Enxeñeiro Técnico Forestal nas súas dúas especialidades de Explotacións Forestais e Industrias Forestais, con todas as atribucións profesionais recoñecidas pola lexislación vixente. Este Grao ten recoñecemento a nivel europeo ao estar adaptada ao Espazo Europeo de Educación Superior, así como o selo internacional de excelencia en Enxeñaría EUR-ACE®.

Tipo Presencial

Área Enxeñaría e Arquitectura

Centro Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
Rúa Benigno Ledo
27002 Lugo
eps.secretaria.direccion@usc.es

Campus Lugo

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/enxenaria-arquitectura/grao-enxenaria-forestal-natural
+34 982 823 011

Presentación

Duración: 4 anos

Prezo: UE: 900 € aprox. / curso

Non UE: 5.200 € aprox. / 1º curso consultar

Número de prazas: 45

Nota de corte: 5,854

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos, 66 de formación básica, 138 de materias obrigatorias e 36 optativos. Para obter o título é preciso completar os 240 créditos cubrindo as competencias de polo menos unha das dúas especialidades da titulación.

O Plan de Estudos permite a formación na xestión manexo de recursos forestais e do medio natural, a planificación, ordenación e aproveitamento do monte, a xestión da caza e da pesca, o manexo dos solos e a erosión, a prevención e extinción de lumes ou as pragas forestais. Tamén forma na transformación de produtos forestais e nos procesos industriais na fabricación de papel.

Realizarase un Traballo Fin de Grao, cun contido de 12 ECTS (300 horas de traballo persoal do estudante) co apoio dun profesor titor e dun director, de tal xeito que no TFG poda abarcar competencias e contidos da titulación.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada a traveso do “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. O Servizo de Relacións Exteriores xestiona os diferentes programas de intercambio existentes con outras universidades nacionais (SICUE), europeas (ERASMUS) e extracomunitarias (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Os/as estudantes poderán obter recoñecemento académico ata un máximo de 6 créditos optativos e 30 créditos extracurriculares pola realización de prácticas externas relacionadas co título.



Este grao ostenta o Selo de Calidade Internacional EUR-ACE® para titulacións de enxeñaría e ademais se atopa dende 2017 no primeiro posto das titulacións españolas de ámbito forestal segundo o ranking independente elaborado pola Fundación BBVA e o IVIA.

Os titulados de este grao gozan dunha elevada e temperá empregabilidade.

